

	<b>PROXECTO SUBVENCIONADO</b>	
	TITULO:	Sistema de información avanzado do proceso productivo siderúrxico
	ORGANO:	Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

## RESUMO EXECUTIVO

Historicamente, as plantas de fabricación estiveron separadas dos centros de decisión, dispoñendo duns fluxos de información entrambos lentos e custosos, **dificultando a realización de boas análises por falla de información de detalle**. Isto sumado ao incremento das esixencias do mercado, que esixen **producir mellor, mais barato e con mais calidade**, obrigan ás empresas a mellorar os seus sistemas de información en planta, que lles permitan realizar unha **adecuada toma de decisións** e, en moitos casos, a realizar as cousas de xeito diferente.

O caso particular da **industria siderúrxica** non é unha excepción e, polo tanto, exponse ás mesmas necesidades aplicadas ó ámbito particular da produción de barras de aceiro e os seus derivados.

A estrutura de **niveis de información** nunha planta siderúrxica, aínda que tamén aplicable a outro tipo de ámbitos industriais, basease nunha xerarquía de tres capas de información.

Así como no caso dos niveis 1 e 2 os elementos de captura de eventos e control son inherentes os propios automatismos e maquinaria industrial instalada na fábrica, o **nivel 3 e moito mais específico no marco do negocio**, e sobre o mesmo constrúese a base dunha gran parte da información que flúe dende o propio forno de fusión da planta ata o comité de dirección da compañía. É, polo tanto, o xerador da información sobre a que se toman **decisións do proceso produtivo** e a transformación dos distintos tipos de chatarra en produto final.

No marco do presente proxecto, realizase o desenvolvemento dunha solución software para dar cobertura as necesidades plantexadas no nivel 3, onde a **información** actualmente recollida polo nivel 2, grazas os elementos proporcionados de serie polos fabricantes de maquinaria industrial, sexa **procesada e explotada para constituír a base de información do proceso produtivo** da compañía. Os obxectivos que se perseguen son os seguintes:

- **Facilitar** e enriquecer o conxunto de información necesario para a **toma de decisións**
- Impulsar a optimización do proceso produtivo
- **Mellorar a calidade** do produto final baixo unha **mellor trazabilidade**.
- Determinar con maior **detalle o custo do proceso** produtivo.
- Conformar unha **base de información agregada** no tempo, explotable por outras ferramentas e departamentos da compañía.
- **Eliminar o uso de papel**, no referente ó control e seguimento do proceso produtivo.



Sistema de información avanzado do proceso productivo siderúrxico por ALDABA, MEGASA se encuentra bajo una Licencia [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 3.0 Unported](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/).